

As xoias da terra

Anxo Tarrío Varela

Tiven a ocasión de asistir nunha ruela de Santiago, na mesma cerna da cidade vella, a un magosto moi especial e insospeitado, tanto polo recinto onde se levou a cabo coma polo engado e orixinalidade da velada: nada menos que unha galería de xoias de autor, a Noroeste, que a voz de Xabier Docampo, recentísimo Premio Nacional de Literatura Infantil, debía transformar por uns instantes en lareira de tempos idos ou en plataforma espacial doutros que virán, relatándonos contos para exercitármonos nesa parte lúdica que tanto necesitou de sempre o ser humano e que está tan oxidada na actualidade. Ben, a cousa non resultou exactamente como un pensara, porque Docampo só nos leu, que non contou, un conto, con boa voz e matizando, iso si. Pero a experiencia, a idea, o viño e as castañas pagaron a pena. A práctica da narrativa oral é algo que se foi perdendo, ao xeito de o libro e outros soportes iren tamén gañando en protagonismo e en accesibilidade. Un xa non sabe se isto é ou non é unha mágoa, porque non tendo sido mellores os tempos pasados para case nada, tampouco non hai por qué inmovilizar os costumes polos séculos dos séculos, nin podemos monopolizar as sensacións de goce da vida as xeracións que xa estamos máis preto de abandonala ca de comezala, no pensamento fachendoso de que as nosas infancias foron máis felices.

Agora ben: é certo que segue a ser un pracer universal atoparse con alguén que sabe contar unha anécdota ou calquera outro relato, ficticio ou non. Pero a expansión dos medios audiovisuais, proporcionando narracións de todo tipo, dende obras mestras do cine até o lixo dos reality shows, satisfán esa avidez de historias dun xeito abondoso e quizais por iso cada vez sentimos menos a necesidade de aprender de memoria para os nosos fillos e netos algo que seguramente eles xa gozan mellor dende os soportes que definen a civilización na que van ter que desenvolverse. Por iso coido que será prudente non enganarse ao respecto, adoptando criterios excesivamente recuperadores/conservadores e gastando enerxías en algo que a propia dialéctica da evolución cultural se encargará de volver obsoleto. A vida do século XXI non vai soportar prácticas como a que levamos a cabo na galería das xoias. Ou mellor dito, vai soportalas unicamente neste tipo de revivals, pero é de supoñer que non se converterá xa nunca máis nunha práctica doméstica xeralizada, nin tan sequera escolar. Xogaremos uns poucos a nos reunir de vez en cando para recuperar algo a memoria e volver atrás no tempo. Pero non nos enganemos: nós somos unha panda de nostálxicos e de xente listiña e guapa.

Porque, claro, así, recuando atrás no tempo, un pode volver a vivir as sensación que na infancia lle producían os contos da nai, portadores de marabillas e de alfaías, de froitas de ouro no xardín das esmeraldas, de ollos infernais, de gnomos, xigantes e seres fantásticos que despois o neno sabía ver na pingota multicolor do orballo, nas floriñas ventureiras do monte, no scherzo burlento e oteropedraiano do merlo, nas sombras enganosas e nos brillos felinos da noite, ou na sinxela aventura

de vencer cos calcañares o estoxo gardado por miriadas de alfinetes celosos dun ourizo do souto que lle daba ao neno a ocasión de bater directamente co tesouro inigualábel das castañas liberadas, todo un milagre de xoias, todas diferentes en tamaño e en forma, en color e en disposición, xoias dun único autor cósmico e prolífero, brillantes e apetitosas para o neno da posguerra miserábel, abeirado, quizais, nos ensoños e na melancolía.

É dicir, luxos necesarios de antano ao alcance de calquera imaxinación minimamente sensíbel. Xoias da terra que os nenos de hoxe prefiren atopar, loxicamente, na comodidade dun stand do supermercado. Pero non nos trabuquemos, a cambio, eles buscan e atopan outros tesouros que se abren só para eles, a toque dixital, nas marabillosas autopistas informáticas do planeta. Coido que xa é así. Así vai ser. E seguramente ha ser bo que sexa así, porque a humanidade non pode parar tan só porque un fato de nostálxicos nos botemos a chorar. E punto.